

Axuda ao doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol

1. OBXECTO

Na súa aposta pola especialización, o Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña (UDC) promove esta axuda para a formación nunha empresa da contorna de un doutor/a matriculado/a nun programa de doutoramento deste campus, naquelas áreas especialmente interesantes para o Campus Industrial de Ferrol pola súa consideración de estratéxicas dentro da planificación da entidade:

- a) Robótica industrial
- b) Materiais
- c) Optimización de procesos industriais
- d) Enxeñaría naval e *offshore*
- e) Xestión industrial
- f) Desenvolvemento do produto

Concederanse unha axuda para a incorporación dun estudante de programa oficial de doutoramento do Campus Industrial de Ferrol con base nun proxecto de investigación que se desenvolva neste campus e que implique unha colaboración directa entre unha empresa e un/unha investigador/a adscrito/a ao Campus Industrial de Ferrol.

Deste modo quérese contribuír á transferencia do coñecemento e dos resultados da investigación desde o Campus Industrial de Ferrol ao sector empresarial, o que constitúe un dos principais obxectivos deste campus, amais de coadxuvar tamén á captación, formación e retención de talento. Neste contexto, esta axuda para un doutorando/a industrial pretende servir de marco de financiamento para formar persoal altamente cualificado que se axuste mellor ás necesidades das empresas que forman o tecido empresarial da comarca.

Todo isto enmárcase na figura do doutoramento industrial, mención definida polo Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanza oficiais de doutoramento. De acordo con este real decreto, a mención de doutoramento industrial outorgarase sempre que concorran dúas circunstancias: dun lado, a existencia dun contrato de predoutoramento co/coa doutorando/a; e, do outro, que ademais este/a participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolva na empresa ou administración pública onde se preste o servizo.

2. REQUISITOS DA PERSOA BENEFICIARIA

Poderá ser beneficiaria desta axuda unha empresa da contorna do Campus Industrial de Ferrol que desexe contratar un investigador/a de predoutoramento para realizar un proxecto de investigación industrial en colaboración cun membro do persoal investigador adscrito ao dito campus, que lle sirva ao/a doutorando/a como traballo de tese de doutoramento e sexa do seu interese.

O proxecto de doutoramento industrial debe supoñer un avance do coñecemento abondo xustificadocomo para dar lugar a unha tese de doutoramento, para os efectos de optar á mención

de doutoramento industrial nos correspondentes títulos de doutor/a. Quedan excluídos aqueles proxectos que sexan simples prestacións de servizos de investigación.

2.1. Requisitos da empresa

- a) Propoñer un proxecto de doutoramento industrial para desenvolver.
- b) Propoñer unha persoa candidata para levar a cabo a tese asociada ao proxecto de doutoramento industrial.
- c) Designar unha persoa responsable da supervisión da tese no marco da empresa e da realización do proxecto de doutoramento industrial correspondente.

Non é necesario que a persoa que titorice o/a investigador/a na empresa teña o título de doutora. De o ter, poderá actuar como codirector/a da tese, logo da súa asignación por parte da comisión académica responsable do programa, xunto co membro do persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol que será o director académico.

- d) Proporcionarlle ao/á doutorando/a contratado/a o apoio necesario, así como facilitarlle a utilización dos medios, instrumentos ou equipos que lle resulten necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- e) Apoiar e facilitar a formación do/a doutorando/a contratado/a, con vistas a garantir o cumprimento pola súa parte de tódalas actividades formativas esixidas polo programa de doutoramento.
- f) Facilitarlle ao/á doutorando/a toda a información e formación que sexan necesarias en materia de prevención de riscos laborais, para garantir a súa seguridade no traballo desenvolvido dentro das instalacións da empresa.
- g) Facilitar as accións de mobilidade (asistencia a congresos e seminarios, estadias nunha sede internacional da empresa ou nun grupo de investigación internacional) que o/a doutorando/a efectúe ao longo do seu proxecto.
- h) Visar e validar a memoria xustificativa do proxecto que realice o/a doutorando/a.

2.2. Obrigas do membro do persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol que sexa (co)director académico da tese

- a) Validar a proposta de proxecto de doutoramento industrial que presente a empresa.
- b) Proporcionarlle ao/á doutorando/a o apoio necesario e facilitarlle os medios ou equipos que lle sexan necesarios para o desenvolvemento normal da súa actividade.
- c) Supervisar con regularidade o desenvolvemento do proxecto de investigación e da tese de doutoramento, co obxecto de velar polo cumprimento das obrigas que se recollerán no compromiso documental de supervisión e pola calidade da tese de doutoramento.
- d) Facilitarlle ao/á doutorando/a formación adicional e a participación na formación que organice a propia entidade.

2.3. Requisitos adicionais do/a director/a académico/a e do/a director/a empresarial

Tanto o/a investigador/a do Campus Industrial de Ferrol como o/a responsable empresarial que sexan propostos/as para a dirección da tese e do proxecto deben ter vinculación laboral coa súa institución durante todo o tempo que dure o doutoramento industrial.

Ademais, o/a director/a académico/a necesariamente debe estar adscrito/a ao Campus Industrial de Ferrol.

2.4. Requisitos do doutorando/a

As persoas candidatas aos contratos de doutoramento industrial deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculadas nun programa oficial de doutoramento do Campus Industrial de Ferrol no curso 2022/23 acreditado pola Escola Internacional de Doutoramento da UDC.
- b) Renovar anualmente a matrícula no programa e cumprir cos prazos indicados.
- c) Contar no expediente académico cunha nota media igual ou superior a 7, ou a 6 no caso das titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

A puntuación do expediente académico, tanto da titulación universitaria como do máster ou título equivalente, obterase de acordo coa Resolución do 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- d) Non se admitirán como candidatas as persoas que estean en posesión dun título de doutor/a nin aquelas que fosen seleccionadas ou contratadas noutras convocatorias para o período de predoutoramento.
- e) Non participar no capital da empresa.
- f) Non ser candidatas de máis dunha empresa.
- g) A lectura da tese poderase presentar a máis tardar dentro do ano posterior á finalización da axuda. Ao rematar a tese, o/a doutorando/a beneficiario/a poderá solicitar a mención de doutor/a industrial sempre que cumprise os requisitos.

2.5. Acordos entre as partes

Para concretar a colaboración no desenvolvemento do proxecto de investigación de doutoramento industrial, a empresa e o membro do persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol que sexa o director académico da tese deberán acordar os seguintes aspectos:

- a) A organización e distribución do tempo de traballo do/a doutorando/a entre ambas as institucións, na consideración de que o proxecto de doutoramento industrial se caracteriza por realizarse nunha contorna dual, empresarial e académica.

b) De ser o caso, os criterios de recoñecemento entre as persoas beneficiarias dos dereitos de propiedade industrial que se puideren xerar no proxecto, co obxecto de velar por que o/a doutorando/a contratado/a se beneficie da eventual explotación dos resultados de I+D mediante unha adecuada protección xurídica, especialmente en materia de protección dos dereitos de propiedade intelectual e de autoría.

c) Os procedementos adecuados para asegurar a confidencialidade da información e os resultados, así como a non publicidade dos contidos sensibles derivados do proxecto, sen prexuízo da súa utilización por parte do/a doutorando/a para levar a cabo e defender a súa tese, en virtude da normativa aplicable aos estudos de doutoramento.

3. CARACTERÍSTICAS XERAIS

A duración destas axudas para o contrato laboral ou mercantil da persoa beneficiaria do programa será de **tres anos**, contados a partir da data de inicio do contrato do/a doutorando/a coa empresa.

A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano. De se subscribir un contrato de duración inferior a tres anos, poderá prorrogarse sucesivamente sen que, en ningún caso, tales prórrogas poidan ter unha duración inferior a un ano.

Durante o tempo que permaneza no programa, a actividade desenvolvida polo/a doutorando/a será avaliada anualmente pola comisión académica do programa de doutoramento industrial correspondente, así como por parte da empresa. No caso dun resultado negativo o contrato resolverase separando o/a doutorando/a do programa e suspendendo a axuda á empresa beneficiaria.

No caso de que con anterioridade á formalización do contrato predoutoral a persoa candidata gozará dalgunha axuda, pública u privada, dirixida á súa formación predoutoral ou no marco do Estatuto do persoal investigador en formación, aprobado polo Real decreto 103/2019 (BOE núm. 64 del 15 de marzo), durante un período superior a 1 ano, a duración da axuda desta convocatoria reducirase o tempo equivalente ao período que supere o previsto no artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. A resolución da minoración corresponderalle á comisión de avaliación desta convocatoria.

Para tal efecto, a persoa candidata proposta deberá comunicar a investigacion.campus.industrial@udc.gal, antes da firma do contrato, a través da entidade solicitante, a percepción doutras axudas, así como proporcionar a información que lle sexa requirida.

En ningún caso a axuda que se conceda poderá ter unha duración inferior a 18 meses, contados dende a data prevista de incorporación, é dicir, de inicio do contrato.

Onúmero de axudas concedidas será dunha.

A contía da axuda concedida á empresas para a contratación do/a doutorando/a industrial distribuirase do seguinte modo:

a) Gastos de contratación

O importe máximo de cada axuda será de 34 000 € anuais por contrato. Este importe só poderá ser destinado ao financiamento dun contrato a tempo completo, incluídos os custos sociais, para a persoa seleccionada para a realización da tese de doutoramento no marco do proxecto de doutoramento industrial. Se a empresa formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada deberá achegar a diferenza.

A dotación deste concepto irá con cargo á partida orzamentaria 0900 44 F100 541A 6400004 do Campus Industrial de Ferrol.

b) Co obxecto de que a persoa beneficiaria desta axuda poida alcanzar a mención de doutoramento internacional, ademais da de doutoramento industrial, de acordo co establecido no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, financiaranse unha estadía de até tres meses de duración cunha axuda complementaria máxima de 7000€.

A estadía será continuada e o seu período de duración terá que convirirse coa empresa e asegurar un grao de mobilidade e de internacionalización ao cal non se poida acceder pola formación académica anterior ou por outros factores tales como o lugar de residencia, o país de orixe ou a nacionalidade. En ningún caso poderán ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

Esta axuda complementaria será destinada integramente ao/á doutorando/a beneficiario/a deste programa. Para poder acceder a ela, as persoas interesadas deben enviar ao correo electrónico investigacion.campus.industrial@udc.gal a seguinte documentación nun prazo de cando menos un mes antes da estadía, coa conseguinte autorización da empresa en que estean contratadas:

- Carta de aceptación do centro de destino asinada polo/a director/a do centro ou figura equivalente.
- Plan de traballo no centro de destino.
- Visto e prace do/a director/a académico/a da tese.
- Certificado da conta bancaria onde se ingresará a axuda para a estadía, fotocopia do NIF e [impreso de alta de terceiros](#) cuberto.

https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/xerencia/servizos/xestion_financeira/R._CIRCULAR_1.2010_anexo_I_-_castellano.pdf_2063069294.pdf

A dotación deste concepto irá con cargo á partida orzamentaria 0900 44 F100 541A 6400017.

Durante o período de estadía, a empresa beneficiaria terá que subscribir para cada doutorando/a un seguro de accidentes, un seguro de responsabilidade civil e, cando se trate dunha estadía en países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total de estadía efectiva.

A modo de resumo, os gastos desta convocatoria son os seguintes:

	1 ano incluídos os costes salariais da entidade contratante	Contrato previsto a dez meses no 2023 (incluídos os costes salariais) Empezando en marzo
Importe (anual)	34.000,00 €	28.333,33 €
Estancia no estranxeiro	7.000,00 €	7.000,00 €
PRESUPUESTO TOTAL DO DOUTORANDO INDUSTRIAL NO ANO 2023		

	Contrato 2024 (xaneiro- decembro)	Contrato 2025 (xaneiro- decembro)	Contrato 2026 (xaneiro-febreiro)
Importe (anual)	34.000,00 €	34.000,00 €	5.666,66 €

O prazo de solicitude será de 10 días hábiles a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria.

As empresas interesadas deben presentar a súa solicitude a través do correo electrónico investigacion.campus.industrial@udc.gal. Ademais, as solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

Cada doutorando/a soamente poderá ser presentado/a como candidato/a por unha empresa.

A solicitude deberá constar da seguinte documentación, acreditada e con compromiso da empresa:

- Formulario de solicitude (Anexo I deste documento).
- Certificado de acreditación por parte da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial de estar matriculada nun programa oficial de doutoramento do Campus Industrial de Ferrol.
- Currículo completo da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial. Especificarase a nota media do expediente académico, así como o seu nivel de coñecemento do inglés e outros méritos que resulten relevantes.
 - Copia do título de grao e/ou de máster. As persoas que cursasen os seus estudos no estranxeiro e posúan a certificación académica estendida nun idioma distinto do español ou o inglés terán que presentar a correspondente tradución xurada.
 - Copia dixital do DNI da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial por ambas as

caras ou copia do pasaporte en vigor (unicamente para as persoas con cidadanía estranxeira residentes en territorio español).

- Copia dixital do expediente académico completo que inclúa os estudos de pregrao e posgrao.
- Historial de méritos.

No historial de méritos debe acreditarse a información relativa aos cursos de formación especializada feitos e á participación en congresos e publicacións. No caso de que a persoa candidata a realizar o doutoramento industrial efectuase algunha publicación, esta acreditarase preferentemente mediante unha ligazón ao enderezo web do repositorio onde estea aloxada. Só con carácter excepcional, de non se tratar de publicacións electrónicas, poderá incluírse o texto completo en PDF.

d) Declaración do compromiso de contratación da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial asinada pola empresa, acompañada dos seguintes documentos:

- Certificado de alta da empresa.
- Certificado da empresa e declaración de compromiso en que se faga constar sobre a persoa responsable da supervisión do/a doutorando/a:
 - Copia do DNI.
 - Memoria curricular e posto actual.
 - Outros documentos que acrediten a súa capacidade para poder supervisar a tese de doutoramento. Para o caso de que sexa codirector/a da tese, documento acreditativo do seu título de doutor/a.
- Memoria curricular da experiencia en investigación da empresa que contrata a persoa candidata a realizar o doutoramento industrial.
- Xustificación dos criterios de selección da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial para o proxecto de investigación que se presenta.

e) Sinatura conxunta, por parte da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial, a empresa e o membro do persoal investigador adscrito ao Campus Industrial de Ferrol que actuará como director académico da tese, dos seguintes documentos:

- Proposta de proxecto de investigación de doutoramento industrial: memoria técnica do proxecto de investigación que se pretende realizar, cunha extensión máxima de 10 000 palabras, en que constarán especificamente, cando menos, estes aspectos:
 - Obxectivos e contidos básicos do traballo
 - Metodoloxía
 - Responsabilidades e tarefas da persoa beneficiaria
 - Planificación temporal
 - Transferencia de resultados

- Memoria xustificativa do valor singular e impacto do proxecto sobre a I+D da empresa (máximo 1500 palabras).
 - Memoria xustificativa dos obxectivos e criterios metodolóxicos que proporcionan ao proxecto un avance do coñecemento abondo xustificado como para dar lugar a unha tese de doutoramento, para os efectos de optar á mención de doutoramento industrial (máximo 1500 palabras).
- f) Declaración asinada pola persoa candidata a realizar o doutoramento industrial en que conste o seguinte:
- Que presenta a súa candidatura a través dunha única empresa solicitante.
 - Que non posúe ningún outro título de doutor/a.
 - Que non foi seleccionada para outras axudas de predoutoramento.

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida na documentación fornecida na data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos establecidos nela, e/ou a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de inadmisión da solicitude presentada.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As solicitudes serán avaliadas de acordo cos seguintes criterios, cunha puntuación máxima de 50 puntos. A puntuación final das persoas candidatas será o resultado da suma das puntuacións obtidas en cada epígrafe:

A) MÉRITOS ACADÉMICOS E INVESTIGADORES DA PERSOA CANDIDATA A REALIZAR O DOUTORAMENTO INDUSTRIAL (máximo 20 puntos)	
Expediente académico da titulación universitaria oficial (máximo 4 puntos)	Nota media do expediente: 8,5-10: 4 puntos 7-8,4: 3 puntos 6-6,9: 2 punto 5-5,9: 1 punto
Expediente académico do máster ou título equivalente (máximo 4 puntos)	Nota media do expediente: 8,5-10: 4 puntos 7-8,4: 3 puntos 6-6,9: 2 punto 5-5,9: 1 punto
Cursos de formación especializada (máximo 2 puntos)	0,1 puntos/curso de entre 12 e 20 h 0,2 puntos/curso de entre 21 e 50 h 0,5 puntos para cursos de máis de 50 h
Publicacións (máximo 4 puntos)	1 punto/publicación en revistas científicas JCR Q1 ou Q2 0,5 puntos/publicación noutras revistas
Participación en congresos (máximo 2 puntos)	0,5 puntos por relatorio invitado 0,1 puntos por cada asistencia
Competencia lingüística acreditable do idioma inglés (máximo 4 puntos)	Nivel básico (A2-B1) ou equivalente: 1 punto Nivel intermedio (B2) ou equivalente: 2 puntos

	Nivel avanzado (C1) ou equivalente: 4 puntos
B) MÉRITOS DA PERSOA RESPONSABLE DA CODIRECCIÓN DATE NA EMPRESA (máximo 10 puntos)	
Experiencia na execución de proxectos de I+D colaborativos (Interconecta, contratos de I+D universidade-empresa) (máximo 5 puntos)	Número de proxectos (1 punto/proxecto)
Participación en proxectos autonómicos, nacionais ou internacionais de I+D (máximo 5 puntos)	Número de proxectos (1 punto/proxecto)
C) MEMORIA (máximo 20 puntos)	
Obxectivos e contidos básicos do traballo	5 puntos
Metodoloxía	1 punto
Planificación temporal	1 punto
Transferencia de resultados (impacto do proxecto na competitividade da empresa, efecto incentivador na contorna e proposta de posta no mercado)	3 puntos
Adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol definidas no punto 1 desta convocatoria (máximo 10 puntos)	Moi pouco adecuado: até 0,5 puntos Pouco adecuado: de 0,6 a 3 puntos Adequado: de 3,1 a 6 puntos Moi adecuado: de 6,1 a 10 puntos

Priorizaranse as solicitudes daquelas persoas candidatas a realizar o doutoramento industrial que finalizasen os seus estudos nunha data posterior a xuño de 2017.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A avaliación das solicitudes presentadas será realizada, de acordo cos criterios establecidos no apartado 5 desta convocatoria, por unha Comisión de Avaliación composta polas seguintes persoas:

- María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, presidenta
- Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol, secretaria, con voz e sen voto
- Senentxu Lanceros Méndez, director científico do Centro Vasco de Materiais, Aplicacións e Nanoestruturas
- Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós, catedrático da Universidade Carlos III Madrid
- Carlos Alberto Mendez, Conicet. INTEC-CONICET

A selección realizarase nestas dúas fases:

- Na primeira fase avaliaranse os méritos da persoa candidata a realizar o doutoramento industrial e do/a codirector/a proposto/a pola parte empresarial, a memoria de investigación e a adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol, segundo os criterios especificados no apartado 5 desta convocatoria.
- De ser necesario as persoas candidatas mellor valoradas na primeira fase serán convocadas a unha entrevista persoal. Esta entrevista terá lugar na forma, o lugar, o día e a hora establecidos

pola Comisión de Avaliación.

Con base no cumprimento dos requisitos e a valoración dos méritos establecerase unha orde priorizada das persoas candidatas a realizar o doutoramento industrial. Serán adxudicatarias das axudas aquelas con maior puntuación. Co resto das persoas candidatas, respectando esta orde priorizada segundo os méritos, elaborárase, exclusivamente para estas prazas, unha lista de agarda que se usará para a súa contratación en caso de renuncia ou cesamento

7. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez finalizado o proceso de avaliación das solicitudes publicaranse na sede electrónica da UDC a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto, de ser o caso, coa causa da exclusión.

Os/as beneficiarios/as da axuda, tanto empresa como doutorando/a, e o/a director/a académico/a da tese, recibirán unha comunicación individual no enderezo de correo electrónico que indicasen na solicitude. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles para presentar calquera reclamación e/ou proporcionar a documentación requirida.

Ademais da persoa seleccionada, elaborárase unha lista de suplentes para cubrir as posibles vacantes ou renuncias que poidan producirse ao longo do procedemento. A ordenación das persoas suplentes farase segundo os mesmos criterios de selección.

8. ACEPTACIÓN DA AXUDA

Unha vez resolta a convocatoria, a empresa que vaia subscribir un contrato para a realización dunha tese con mención de doutoramento industrial deberá remitir ao correo electrónico investigacion.campus.industrial@udc.gal un escrito de aceptación da axuda nun prazo de 10 días que contarán a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC (Anexo II).

No contrato deberase facer referencia expresa aos seguintes aspectos:

- a) O financiamento con cargo á axuda ao doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol.
- b) A data de incorporación efectiva da persoa contratada.
- c) A retribución bruta anual, o lugar de prestación de servizos e a duración do contrato, que deberá ser con dedicación a tempo completo.

A data límite para a sinatura do contrato, que se establecerá na resolución de adxudicación das axudas, será, en todo caso, antes de 20 días laborais tras a publicación da resolución. A non formalización do contrato dentro do prazo previsto considerarase unha renuncia tácita á axuda.

A empresa deberá remitir ao Campus Industrial de Ferrol a titularidade da conta empresarial en que se debe efectuar o pagamento da axuda.

Calquera modificación dos termos polos cales a axuda foi concedida terá que ser comunicada ao Campus Industrial de Ferrol e autorizada por él.

9. PROCEDIMENTO DE PAGAMENTO

9.1. Á empresa

A empresa contratante da persoa seleccionada para realizar o doutoramento industrial será a encargada de presentar as xustificacións correspondentes e será a receptora dos fondos para o pagamento do contrato.

Para proceder ao pagamento da axuda será necesario que a empresa remita unha copia do contrato asinado no prazo dun mes contado desde a sinatura, así como a xustificación da axuda nos termos que a continuación se indican:

- a) Declaración da asignación efectiva do/a codirector/a da tese polo/a que o/a investigador/a foi avaliado/a e que se enviará xunto co correspondente contrato.
- b) Memoria de seguimento asinada polo/a doutorando/a industrial e polo/a director/a ou codirector/a da tese.
- c) Acordo de colaboración asinado polas persoas que sexan as directoras da tese académica e industrial para desenvolver o proxecto de doutoramento industrial.
- d) Informe favorable da comisión académica do programa de doutoramento e da persoa responsable da empresa (Anexo III).
- e) Copia das nóminas aboadas ao persoal contratado e os correspondentes documentos bancarios que acrediten o seu pagamento, así como os impresos de liquidación nominal do IRPF e os xustificantes do seu pagamento.
- f) Documentación acreditativa de se atopar ao día nas obrigas tributarias estatais, autonómicas e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.
- g) Certificado de dedicación exclusiva ao proxecto asinado polo/a doutorando/a industrial e o/a director/a ou codirector/a da tese durante o período de xustificación (Anexo IV).
- h) Certificado asinado polo órgano responsable de control da entidade onde conste a permanencia efectiva e a dedicación exclusiva do/a doutorando/a do programa (Anexo V).

As axudas correspondentes ao contrato aboaranse, de acordo coa correspondente xustificación de gastos, coa seguinte periodicidade:

Período de xustificación	Data límite de presentación
1.ª xustificación: desde a data de inicio do contrato até un mes despois Documentación para presentar: a, c e d do apartado 7	1 mes tras o inicio do contrato
2.ª xustificación (Anexo VI): desde a data de inicio do contrato até o mes de outubro de 2023 incluído Documentación para presentar: d, e, f, g e h do apartado 7	15/11/2023
3.ª xustificación (Anexo VII): mensualidades de novembro de 2023 a marzo de 2024, ambos os meses incluídos Documentación para presentar: e, f, g e h do apartado 7	15/05/2024
4.ª xustificación (Anexo VI): mensualidades de abril de 2024 a outubro de 2024, ambos os meses incluídos Documentación para presentar: d, e, f, g e h do apartado 7	15/11/2024
5.ª xustificación (Anexo VII): mensualidades de novembro de 2024 a	15/04/2025

2024, ambos os meses incluídos Documentación para presentar: e, f, g e h do apartado 7	
6.ª xustificación (Anexo VI): mensualidades de abril de 2025 a outubro de 2025, ambos os meses incluídos Documentación para presentar: d, e, f, g e h do apartado 7	15/11/2025
7.ª xustificación (Anexo VI): mensualidades de novembro de 2025 a marzo de 2026, ambos os meses incluídos Documentación para presentar: d, e, f, g e h do apartado 7	1 mes despois da finalización do contrato

Nos proxectos plurianuais enténdese que os pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente até o final de ano corresponden á anualidade seguinte, e, por tanto, poderán presentarse como xustificante para o cobramento desta anualidade.

Xunto coa última xustificación a empresa presentará a seguinte documentación:

- Unha copia da vida laboral da persoa contratada durante o período de permanencia no programa.
- Unha memoria final do traballo feito asinada pola persoa contratada co visto e prace do/a (co)director/a académico/a da tese adscrito/a ao Campus Industrial de Ferrol.

9.2. Ao/á doutorando/a

A axuda complementaria para financiar as estadias no estranxeiro realizarase nun pagamento único no exercicio de 2023, tras a xustificación dos gastos e a presentación da memoria da estadia levada a cabo asinada pola persoa responsable do doutorando/a no centro no que se realice a estadia. O seu importe máximo será de 7000€.

Os gastos que se consideran elixibles son os seguintes:

- Gastos de viaxe
- Gastos de estadia (manutención e aloxamento)

O prazo límite para a xustificación dos gastos será o 20/11/2022.

10. OUTRAS OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

A persoa beneficiaria debe adscribirse ao Campus Industrial de Ferrol e cumprir todas as obrigas respecto á filiación e visibilización deste campus, segundo as indicacións do [Manual de identidade corporativa do Campus Industrial de Ferrol](#).

https://www.udc.es/export/sites/udc/campusindustrial/.galleries/Documentos-CIF/20211220_Manual-identidad-corporativa-CIF.pdf_2063069294.pdf

Así mesmo, debe depositar a tese de doutoramento en español ou en inglés, conforme o procedemento establecido pola Escola Internacional de Doutoramento da UDC, como máximo dentro do último ano de goce do contrato.

A persoa beneficiaria debe facer constar na súa tese de doutoramento e en todas as publicacións que deriven do seu traballo a súa condición de participante no programa de axudas ao doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol.

O incumprimento destes compromisos dará lugar á perda do dereito ao financiamento e á obriga de reintegrar na súa totalidade as cantidades percibidas por parte da persoa beneficiaria e da empresa.

11. RÉXIME DE COMPATIBILIDADE

O contrato que se formalice con cargo a esta axuda será incompatible con outras axudas ou subvencións que teñan a mesma finalidade, e en xeral coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial. Non obstante, a persoa contratada poderá recibir as axudas que se convocan para cubrir algunha das accións formativas que se vaian realizar segundo o seu proxecto (asistencia a reunións, congresos, seminarios e cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación).

En caso de ausencias temporais de até sete días da persoa contratada, será necesaria a autorización da entidade contratante, pero non cumprirá comunicación ao Campus Industrial de Ferrol. As ausencias temporais superiores a sete días non financiadas nesta convocatoria, contén ou non con algún tipo de financiamento, deberán ser autorizadas polo Campus Industrial de Ferrol. Neste caso será necesario que a empresa presente, xunto coa solicitude de autorización, unha breve descrición das tarefas para levar a cabo, asinada pola persoa contratada e co visto e prace das persoas directoras académica e empresarial da tese, con indicación expresa de que son compatibles co seu traballo e co contrato asinado.

Os períodos de ausencia temporal da empresa en ningún caso poderán superar os seis meses ao longo de tres anos de contrato nin poderán superpoñerse cos últimos seis meses do contrato, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

No momento en que a persoa beneficiaria realice a lectura da tese, debe comunicalo ao Campus Industrial de Ferrol. A obtención do grao de doutor/a supón a extinción da axuda ao doutoramento industrial.

12. INCUMPRIMENTOS

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, e o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigas establecidos nesta convocatoria e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación do contrato co reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Encumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos

persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto co cal achegará unha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Avicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
María Jesús Movilla Fernández



Anexo I
Formulario de solicitude

DATOS DO/A CANDIDATO/A QUE REALIZARÁ O DOUTORAMENTO INDUSTRIAL	
Nome	
Apelidos	
DNI/pasaporte*	
Data de nacemento	
Nacionalidade	Sexo
	<input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Enderezo completo	
Teléfono	
Correo electrónico	
Programa de doutoramento en que se matriculou no curso 2022/2023	
Rama de coñecemento	
DATOS DO/A TITOR/A OU DIRECTOR/A ACADÉMICO/A	
Nome	
Apelidos	
DNI/pasaporte	
Escola ou facultade a que pertence/departamento, grupo de investigación ou laboratorio	
Liña(s) do Campus Industrial de Ferrol en que realizou a súa adscrición	
Teléfono	
Correo electrónico	



DATOS DA EMPRESA BENEFICIARIA DA AXUDA
Razón social
NIF
Enderezo completo
Teléfono
Correo electrónico
DATOS DA PERSOA DESIGNADA POLA EMPRESA PARA A SUPERVISIÓN DA TESE
Nome
Apelidos
DNI
Cargo/posto que desempeña na empresa
Titulación
Teléfono
Correo electrónico

Data:

Este documento debe ser asinado polas seguintes persoas: representante da empresa, persoa designada pola empresa para a supervisión da tese, persoa investigadora (co)directora da tese adscrita ao Campus Industrial de Ferrol e persoa candidata a realizar o doutoramento industrial.

**Anexoll****Declaración de aceptación da axuda concedida**

D./D^a _____, con DNI _____, en calidade de
_____, da empresa _____ con CIF _____
e enderezo a efectos de notificación en _____.

DECLARA que existe o compromiso de que a empresa cumpra cos seguintes puntos:

- Aceptar a axuda vinculada ao programa *Axudas ao doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol* concedida para o proxecto de doutoramento industrial co título _____.
- Contratar á persoa candidata para levar a cabo a tese asociada ao proxecto de doutoramento industrial, a saber, D. _____ con DNI _____ con cargo a dita axuda.
- Designar unha persoa responsable da supervisión da tese no marco da empresa e da realización do proxecto de doutoramento industrial correspondente, a saber, D. _____ con DNI _____.
- Aceptar as condicións recollidas na convocatoria do programa *Axudas ao doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol (Convocatoria I)* en tódolos seus termos, cumprindo os requirimentos derivados da mesma.

Firmado en _____, a _____ de _____ de _____

**Anexo III****Informe da comisión académica do programa de doutoramento**Instrucións de avaliación:

- Valorarse cada un dos apartados, o mais detalladamente posible, no espazo indicado ao efecto.
- A valoración cualitativa poderá ser: excelente, bo, regular ou deficiente.

Datos de identificación da persoa beneficiaria do contrato doutoramento industrial

Nome e apelidos:

Centro/Facultade:

Departamento:

Programa de doutoramento:

Datos relativos á tese

Título do Traballo de Investigación:

Persoas directoras da tese:

Ano previsto de lectura da tese:

1.- Aproveitamento e grado de cumprimento da formación doutoral (Tarefas realizadas e resultados obtidos)*Valoración cualitativa do apartado 1:***2.- Grado de desenvolvemento da tes doutoral e do tempo estimado para a súa finalización***Valoración cualitativa do apartado 2:***3.- Outros aspectos***Valoración cualitativa do apartado 3:***4.- Actividades de formación docente e prácticas** (Cumpríntese solo se procede)*Valoración cualitativa do apartado 4:*

VALORACIÓN GLOBAL (Indicar si é favorable ou desfavorable):

En caso de requirirse información adicional sobre a memoria presentada, indíquese:

Data:

Firmas da comisión académica

Firma da persoa responsable da empresa

**Anexo IV****Certificado de dedicación exclusiva ó proxecto**

D./D^a _____, con DNI _____, en calidade de
, da empresa _____ con CIF _____.

CERTIFICA

Que D. _____, con DNI _____, persoa beneficiaria do programa de doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol, ten mantido dedicación exclusiva ao proxecto desde a data de inicio do contrato.

E para que conste, firman o presente en _____, a _____ de

Fdo. O/A alumno/a do programa de doutoramento industrial

Fdo. As persoas directoras da tese

**Anexo V****Certificado de permanencia e dedicación exclusiva ao programa**

D./D^a _____, con DNI _____, en calidade de Responsable
de Recursos Humanos da empresa _____ con CIF _____.

CERTIFICA

Que D. _____, con DNI _____, persoa beneficiaria do programa de doutoramento industrial do Campus Industrial de Ferrol, permanece a día de hoxe vinculada á empresa, e ten dedicación exclusiva ao programa desde a data de inicio do contrato.

E para que conste, firman o presente en _____, a _____ de

Fdo. O/A Responsable de Recursos Humanos da empresa

**Anexo VI****Modelo documentación segunda, cuarta, sexta e sétima xustificación**

D. _____, con NIF _____, en calidade de _____, da entidade _____, con CIF. _____

PRESENTO os seguintes documentos para a xustificación correspondente da axuda:

d) Informe favorable da Comisión Académica do programa de doutoramento e da persoa responsable da empresa
e) Copia das nóminas abonadas á persoa contratada
e) Copia dos correspondentes documentos que acreditan o pago das nóminas
e) Copia dos impresos de liquidación nominal do IRPF
e) Copia dos xustificantes de pago das liquidacións nominais do IRPF
e) Copia dos Recibos de Liquidación de Cotizacións mensuais e Relación Nominal de traballadores
e) Copia dos documentos de acreditación do pago das cotizacións mensuais
f) Documentación acreditativa de encontrarse ao día nas obrigacións tributarias estatais
f) Documentación acreditativa de encontrarse ao día nas obrigacións coa Seguridade Social
f) Documentación acreditativa de encontrarse ao día nas obrigacións coa Administración da Comunidade Autónoma
g) Certificado de dedicación exclusiva ao proxecto firmado polo/a doutorando industrial, e os directores da tese durante o período de xustificación
h) Certificado firmado polo órgano responsable de control da entidade onde conste a permanencia efectiva e a dedicación exclusiva do doutorando do programa

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que a entidade á que represento é titular da seguinte conta bancaria:

IBAN	CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA

SOLICITO

Que se proceda ao pago da axuda concedida

Firma do representante legal

Lugar e data:

**Anexo VII****Modelo documentación terceira e quinta xustificación**

D. _____, con NIF _____, en calidade de _____, da entidade _____, con CIF. _____

PRESENTO os seguintes documentos para a xustificación correspondentes da axuda:

	e) Copia das nóminas abonadas á persoa contratada
	e) Copia dos correspondentes documentos que acreditan o pago das nóminas
	e) Copia dos impresos de liquidación nominal do IRPF
	e) Copia dos xustificantes de pago das liquidacións nominais do IRPF
	e) Copia dos Recibos de Liquidación de Cotizacións mensuais e Relación Nominal de traballadores
	e) Copia dos documentos de acreditación do pago das cotizacións mensuais
	f) Documentación acreditativa de encontrarse ao día nas obrigacións tributarias estatais
	f) Documentación acreditativa de encontrarse ao día nas obrigacións coa Seguridade Social
	f) Documentación acreditativa de encontrarse ao día nas obrigacións coa Administración da Comunidade Autónoma
	g) Certificado de dedicación exclusiva ao proxecto firmado polo/a doutorando industrial, e os directores da tese durante o período de xustificación
	h) Certificado firmado polo órgano responsable de control da entidade onde conste a permanencia efectiva e a dedicación exclusiva do doutorando do programa

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que a entidade á que represento é titular da seguinte conta bancaria:

IBAN	CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA

SOLICITO

Que se proceda ao pago da axuda concedida

Firma do representante legal

Lugar e data:

Anexo VIII

Report of results achieved during the international mobility

HOST INSTITUTION	
Name of the host institution	
Name of the contact person in the host institution	

IT IS HEREBY THAT

Mr/Mrs _____, from Ferrol Industrial Campus, Universidade da Coruña, has visited our institution between (day/month/year)/...../..... and...../...../....., for the purpose (include a brief description of the actions developed and the results achieved during the international mobility):

Place, date and signature:

Name of the signatory:

Position: